

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EDUCACIÓN FÍSICA
6º CURSO PRIMARIA**

C.E.I.P. DE CARNOTA

Curso 2021-2022

MESTRE: Manuel Rico Grijó

LIMIAR

- 1.INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN. ADAPTACIÓN AO PROTOCOLO COVID.**
- 2.OBXECTIVOS DA ETAPA DE EP (EN TERMOS DE CAPACIDADES)**
- 3.TEMPORALIZACIÓN, MÍNIMOS ESIXIBLES, PONDERACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DO CURSO**
- 4. ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE (UNIDADES DIDÁCTICAS)**
- 5.METODOLOXÍA**
- 6.PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN**
- 7.CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**
- 8.DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL**
- 9.MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE**
- 10.ACCIÓNS DE EDUCACIÓN EN VALORES E DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA**
- 11.ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC DO CENTRO**
- 12.ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR E PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO**
- 13.ACTIVIDADES DE REFORZO/ RECUPERACIÓN**
- 14.MATERIAIS DIDÁCTICOS INCLUÍDOS OS LIBROS DE TEXTO**
- 15.ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**
- 16.PROCEDEMENTO E SISTEMÁTICA DE CONTROL, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO GRAO DE CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS E OBXECTIVOS DA ETAPA, POR PARTE DO ALUMNADO**
- 17. PROCEDEMENTO E INDICADORES PARA AVALIACIÓN A PROPIA PROGRAMACIÓN /PRÁCTICA DOCENTE**
- 18. PLAN DE RECUPERACIÓN E REFORZO**

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN:

A programación que aquí se presenta foi elaborada tomando como referente principal as directrices legais curriculares establecidas na LOMCE (Lei Orgánica 8/2013 do 9 de decembro) e no Decreto 105/2014 do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

1.O C.E.I.P. Plurlingüe de Carnota atópase situado na localidade do seu mesmo nome, na comarca de Muros, e pertencente á provincia de A Coruña. A súa economía está caracterizada por un baixo desenvolvemento global cun claro predominio da actividade pesqueira, un alto grado de emigración no pasado e incluso no presente, e a debilidade nos sectores industrial e turístico. Os novos avances en pesca non extractiva, o crecente aproveitamento da enerxía eólica e o incremento do turismo rural e de costa poderían cambiar esta situación no futuro, máis de momento, todas estas actividades aínda non están desenvolvidas.

Isto condiciona o nivel socio-económico (medio-baixo) e ás veces, cultural, da procedencia do noso alumnado .

2.Esta programación desenvolverase co alumnado do 6º curso de Educación Primaria, que se corresponde con un grupo de 16 nenos e nenas, un de nova incorporación que tentaremos que consiga adaptarse integrarse doadamente. Contamos ademais con dous alumnos repetidores. Un destes alumnos repetidores é un alumno NEE para o que se deseñarán propostas de traballo axeitadas á ACI que ten autorizada e na medida do posible con asistencia da ATE ou dun mestre de apoio xa que non coñece ao grupo e pode rexeitar o traballo con iguais. A outra alumna que repite curso, segue con secuelas dun accidente polo que ten contraindicada a maioría de actividades previstas, polo que se lle deseñará, tal e como se fixo o curso pasado, un traballo adaptado empregando para elo a Aula Virtual.

As infraestruturas de tipo deportivas redúcense a un patio asfaltado cunha pequena pista con porterías, algunhas liñas delimitando outros espazos, patios cubertos a distinto nivel e con columnas, nun deles con canastras, un pequeno ximnasio con pouca altura, e posibilidade de empregar un polideportivo cerca do centro pero que se emprega pouco debido ás condicións climatolóxicas xa que o traxecto é descuberto e en pendente. A climatoloxía supón que gran parte do curso académico está a chover ou desapacible para a práctica deportiva no exterior, factor que condiciona tamén a nosa tarefa docente.

No presente curso no centro traballaremos como proxecto Xulio Verne, que na área de Educación Física implicará o enfoque dos xogos e actividades arredor das obras literarias propostas, especialmente no traballo da expresión corporal e na proposta de traballo nas sesións ao comezo das mesmas.

ADAPTACIÓN AO PROTOCOLO COVID

Salientar as circunstancias derivadas pola actual situación relativa ao COV-19 que nos afectarán no presente curso. Por iso a metodoloxía, instrumentos de avaliación, materiais, recursos e o deseño de sesións varían no presente curso para adaptárense a tódolos aspectos contemplados nos protocolos, en especial ao protocolo COV-19. Tendo en conta dita circunstancia os contidos e propostas de traballo figuran tamén na Aula Virtual do centro e o alumnado será matriculado para que poida acceder.

Así, nesta programación tense en conta os distintos escenarios (presencial, semi-presencial e non presencial) a partires da combinación do emprego da Aula Virtual xa integrada no traballo da aula ordinaria. Os apartados de metodoloxía e avaliación teñen en conta estes aspectos. Introdúcese na programación de aula, tal e como figura na memoria do curso pasado, o tratamento das distintas Uds ao longo do primeiro trimestre de xeito introdutorio a xeito de introdución e permitindo ao alumnado e familias ter claro os contidos a traballar e facilitando ao alumnado xestionar coa axuda do mestre os procesos para acadar unha mellora, nos distintos escenarios contemplados para o desenvolvemento da EF ao longo do curso.

Non estimamos necesario elaborar un Plan de recuperación e reforzo na área para todo o alumnado, dado que, como consta na memoria os obxectivos foron acadados, si ben teremos en conta ao alumno con NEAE, para o que esperamos poder contar con apoio en aula que permita unha atención máis individualizada, pois tal e como se establece na ACI, moitas das actividades son adaptadas, precisando na maioría dos casos do traballo supervisado. Tras a avaliación inicial deseñaranse propostas individualizadas de seren necesarias.

2. OBXECTIVOS DA ETAPA DE EP (EN TERMOS DE CAPACIDADES) E CONCRECIÓN DE OBXECTIVOS POR CURSO

A ref (letra) coa que se identifica cada obxectivo, é a mesma que figura no currículo e que tamén despois se asocian/relacionan en cada área, nivel e criterio de avaliación

	OBXECTIVOS EDUCACIÓN FÍSICA 6º	COMP CLAVE
a)	Coñecer e valorar a importancia das normas que nos afectan no centro e na sociedade como garantes de dereitos e da seguridade e da democracia.	CSC
b)	Amosar hábitos de traballo individual e de equipo, amosando interese por mellorar individualmente e en equipo, con autoconfianza, creatividade e sentido crítico.	CAA CSIEE
c)	Amosar habilidades para a resolución pacífica de conflitos na súa vida cotiá.	CSC CCL
d)	Respectar desde o coñecemento e comprensión, as culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non-discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.	CSC
e)	Empregar de forma apropiada a lingua galega e castelá nas distintas situacións que o precisen nas sesións de EF ou participación en actividades cultural-deportivas .	CCL
f)	Empregar unha lingua extranxeira para explicar oral ou por escrito temas traballados na EF.	CCL CSIEE CAA
g)	Desenvolver a competencia matemática a partir da consolidación do esquema corporal e da estruturación espacial, temporal e espacio-temporal.	CMCT
i)	Emprega as TICs para buscar información e para presentar os traballos sobre aspectos relacionados coa EF	CD
j)	Realizar danzas, crear coreografías sinxelas e realiza pequenas dramatizacións con aportación individual e do equipo.	CSC
k)	Valorar as cuestións de hixiene na práctica deportiva e a contribución do deporte á saúde e ao desenvolvemento persoal, e respectar aos demais. Recoñecer a súa realidade corporal aceptándose.	CSC
m)	Amosar unha actitude de respecto cara os demais, contraria a violencia e evitando prexuízos e discriminacións de calquera tipo e estereotipos sexistas.	CSC
n)	Coñecer e respectar as normas de educación viaria así como as sinais de tráfico máis habituais como peóns.	CSC

3. TEMPORALIZACIÓN, PONDERACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DO CURSO

CURSO	EF-Carnota-1		
NIVEL	6º PRIMARIA	ÁREA	Educación Física (EF)

No presente curso refórzase o traballo dos distintos estándares con máis presenza ao longo do curso como medida de reforzo dos estándares de aprendizaxe que non foron suficientemente traballados o pasado curso académico en 5º de EP.

Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN	C.C.
						Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación (%)*	
Bloque 1: Contidos comúns en Educación Física							
EF-B1.1	6º-EFB1.1.1 - Adopta unha actitude crítica ante as modas e a imaxe corporal dos modelos publicitarios.	Reflexiona cunha postura persoal e crítica sobre as modas e a imaxe corporal que se amosan nos medios de comunicación.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	CSC CAA CSIEE
EF-B1.1	6º-EFB1.1.2 - Explica aos seus compañeiros e compañeiras as características dun xogo practicado na clase e o seu desenvolvemento.	Explica aos seus compañeiros e compañeiras as características dun xogo practicado na clase e o seu desenvolvemento.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CCL CAA CSC
EF-B1.1	6º-EFB1.1.3 - Recoñece e cualifica negativamente as condutas inapropiadas que se producen na práctica ou nos espectáculos deportivos.	Recoñece e cualifica negativamente as condutas inapropiadas que se producen na práctica ou nos espectáculos deportivos.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	CSC CAA CSIEE
EF-B1.1	6º-EFB1.1.4 - Demostra un nivel de autoconfianza axeitada ás súas capacidades.	Demostra autoconfianza nas súas capacidades	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC CSIEE CAA
EF-B1.2	6º-EFB1.2.1 - Utiliza as novas tecnoloxías para localizar e extraer a información que se lle solicita.	Utiliza as novas tecnoloxías para localizar e extraer a información que se lle solicita	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Textos escritos.	CD CAA
EF-B1.2	6º-EFB1.2.2 - Presenta os seus traballos atendo	Presenta os seus traballos atendendo ás	X		X	PROCEDEMENTOS: Análise das produ-	CCL CD

	dendo as pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza, e utilizando programas de presentación.	pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza e utilizando programas de presentación.				cións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Textos escritos.	CAA
EF-B1.2	6º-EFB1.2.3 - Expón as súas ideas de forma coherente e exprésase de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais.	Expón as súas ideas de forma coherente e exprésase de forma correcta en diferentes situacións respectando as opinións dos e das demais.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CCL CSC
EF-B1.3	6º-EFB1.3.1 - Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.	Participa de forma activa e con interese nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC CAA
EF-B1.3	6º-EFB1.3.2 - Demostra autonomía e confianza en diferentes situacións, resolvendo problemas motores con espontaneidade e creatividade.	Resolve problemas motores con espontaneidade e creatividade amosando autonomía e confianza.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSIEE CAA CCEC
EF-B1.3	6º-EFB1.3.3 - Incorpora nas súas rutinas o coitado e hixiene do corpo.	Asiste a clase coa indumentaria axeitada e alo menos con un pano de papel ou toalla para secaren as mans, facendo bo uso dela.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC CSIEE CAA
EF-B1.3	6º-EFB1.3.4 - Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.	Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases con boa disposición.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC
EF-B1.3	6º-EFB1.3.5 - Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.	Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC CAA
EF-B1.3	6º-EFB1.3.6 - Recoñece e respecta as normas de educación viaria en contornos habituais e non habituais.	Recoñece e respecta as normas de educación viaria nas saídas a contornos habituais e non habituais	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC CAA
Bloque 2: O corpo: imaxe e percepción							
EF-B2.1	6º-EFB2.1.1 - Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.	Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade, respectando as	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.	CSC CAA

		realidades corporais dos compañeiros				INSTRUMENTOS: Diario de clase.	
EF-B2.1	6º-EFB2.1.2 - Toma de conciencia das esixencias e valoración do esforzo que comportan as aprendizaxes de novas habilidades.	É consciente da necesidade do esforzo e esforzase para afrontar aprendizaxes de novas habilidades	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC CAA CSIEE
Bloque 3: Habilidades motrices							
EF-B3.1	6º-EFB3.1.1 - Adapta os desprazamentos a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural.	Amosa coordinación e mellora na execución de distintos tipos de desprazamentos traballados en distintos contornos e en actividades artístico - expresivas nas sesións de EF	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Producións motrices. Proba de capacidade motriz.	CSC CCEC CAA CSIEE
EF-B3.1	6º-EFB3.1.2 - Adapta a habilidade motriz básica de salto a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural.	Amosa mellora na realización de saltos (de lonxitude, altura, saltos rítmicos,...) en distintas contornas e en actividades artístico-expresivas traballados nas sesións de EF	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Producións motrices. Proba de capacidade motriz.	CSC CCEE CAA CSIEE
EF-B3.1	6º-EFB3.1.3 - Adapta as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción, golpeo etc.) a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, aplicando correctamente os xestos e utilizando os segmentos dominantes e non dominantes.	Amosa boa coordinación na manipulación de obxectos (lanzamentos, recepción, golpes), amosando melloría constatable na execución en distintos contornos e actividades artístico-expresivas.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións motrices.	CSC CCEE CAA CSIEE
EF-B3.1	6º-EFB3.1.4 - Aplica as habilidades motrices de xiro a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, tendo en conta os tres eixes corporais e os dous sentidos, e axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural.	Realiza salto e xiro no plano lonxitudinal de máis 270º, realiza voltereta adiante e atrás con apoio sen axuda (eixo transversal), e o xiro no eixo anteroposterior con apoios con certa coordinación e secuenciación de apoios.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Producións motrices. Proba de capacidade motriz.	CSC CCEE CAA CSIEE
EF-B3.1	6º-EFB3.1.5 - Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies.	Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies, de xeito individual, por parellas ou pequenos grupos realizando reaxustes	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións motrices.	CSC CAA CSIEE

EF-B3.1	6º-EFB3.1.6 - Realiza e propón actividades físicas e xogos no medio natural ou en contornos non habituais, adaptando as habilidades motrices á diversidade e incerteza procedente do contorno e ás súas posibilidades.	Realiza e propón actividades físicas e xogos no medio natural ou en contornos non habituais, adaptando as habilidades motrices á diversidade e incerteza procedente do contorno e ás súas posibilidades.	X		X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC CAA CSIEE
Bloque 4: Actividades físicas artístico expresivas							
EF-B4.1	6º-EFB4.1.1 - Representa personaxes, situacións, ideas, sentimentos, utilizando os recursos expresivos do corpo individualmente, en parellas ou en grupos.	Emprega a expresión corporal para representar personaxes, sentimentos, ideas e situacións, individualmente ou grupo	X	X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións motrices.	CCEC CSC CAA
EF-B4.1	6º-EFB4.1.2 - Representa ou expresa de forma creativa movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais, individualmente, en parellas ou grupos.	Realiza secuencias rítmicas corporais como resposta a estímulos rítmicos ou musicais individualmente, en parellas ou en grupos facendo propostas de mellora	X	X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións motrices.	CCEC CSC CAA
EF-B4.1	6º-EFB4.1.3 - Coñece, propón e leva a cabo bailes e danzas representativas da cultura galega e doutras culturas, seguindo unha coreografía establecida.	Coñece, propón e leva a cabo bailes e danzas representativas da cultura galega e doutras culturas, seguindo unha coreografía establecida.	X	X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións motrices.	CCEC CAA CSC CSIEE
EF-B4.1	6º-EFB4.1.4 - Constrúe e leva a cabo composicións grupais en interacción cos compañeiros e compañeiras utilizando os recursos expresivos do corpo e partindo de estímulos musicais, plásticos ou verbais.	Participa con interese e aportando ideas na creación de coreografías dentro do grupo a partir de estímulos musicais	X	X		PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CCEC CAA CSC
EF-B4.2	6º-EFB4.2.1 - Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nas actividades expresivas.	Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nas actividades expresivas traballadas	X	X		PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	CMCT CSC CAA
EF-B4.2	6º-EFB4.2.2 - Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices implicadas nas actividades artístico-expresivas.	Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices implicadas nas actividades artístico-expresivas traballadas.	X	X		PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	CMCT CAA CSC
Bloque 5: Actividade física e saúde							
EF-B5.1	6º-EFB5.1.1 - Interésase por mellorar as capa-	Pon interese en mellorar as súas capaci-	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación siste-	CSIEE

	idades físicas.	dades físicas.				mática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CAA
EF-B5.1	6º-EFB5.1.2 - Relaciona os principais hábitos de alimentación coa actividade física (horarios de comidas, calidade/cantidade dos alimentos inxeridos etc.).	Relaciona os principais hábitos de alimentación coa actividade física (horarios de comidas, calidade/cantidade dos alimentos inxeridos etc.).	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	CSC CAA CMCT
EF-B5.1	6º-EFB5.1.3 - Recoñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde e os prexudiciais do sedentarismo, dunha dieta desequilibrada e do consumo de alcohol, tabaco e outras substancias.	Recoñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde e os prexudiciais do sedentarismo, dunha dieta desequilibrada e do consumo de alcohol, tabaco e outras substancias..	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	CSC CAA CMCT
EF-B5.1	6º-EFB5.1.4 - Adopta e promove hábitos posturais axeitados na súa vida cotiá e na práctica da actividade física, recoñecendo a súa importancia para saúde.	Adopta hábitos posturais axeitados na súa vida cotiá e na práctica da actividade física, recoñecendo a súa importancia para saúde.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC CAA CSIEE CMCT
EF-B5.1	6º-EFB5.1.5 - Realiza os quecementos de forma autónoma e sistemática, valorando a súa función preventiva.	-Realiza os quecementos de forma autónoma e sistemática, valorando a súa función preventiva.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC CAA CSIEE
EF-B5.2	6º-EFB5.2.1 - Mostra unha mellora global con respecto ao seu nivel de partida das capacidades físicas orientadas á saúde.	Amosa unha mellora global con respecto ao seu nivel de partida das capacidades físicas	X		X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba de capacidade motriz.	CAA CSIEE CSC
EF-B5.2	6º-EFB5.2.2 - Identifica a súa frecuencia cardíaca e respiratoria, en distintas intensidades de esforzo.	Mide a súa frecuencia cardíaca e respiratoria, en distintas intensidades de esforzo.	X			PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións motrices.	CAA CMCT CSC
EF-B5.2	6º-EFB5.2.3 - Adapta a intensidade do seu esforzo ao tempo de duración da actividade.	Adapta a intensidade do seu esforzo ao tempo de duración da actividade.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CAA CSIEE CSC
EF-B5.2	6º-EFB5.2.4 - Identifica o seu nivel comparando os resultados obtidos en probas de valoración das capacidades físicas e coordinativas cos va-	Compara os resultados obtidos en probas de valoración das capacidades físicas e coordinativas cos valores corres-			X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.	CAA CMCT CSC

	lores correspondentes á súa idade	pondentes á súa idade				INSTRUMENTOS: Posta en común.	
EF-B5.3	6º-EFB5.3.1 - Explica e recoñece as lesións e enfermidades deportivas máis comúns, así como as accións preventivas e os primeiros auxilios.	Explica e recoñece as lesións e enfermidades deportivas máis comúns, así como as accións preventivas e os primeiros auxilios	X		X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	CCL CAA CSC CMCT
Bloque 6: Os xogos e actividades deportivas							
EF-B6.1	6º-EFB6.1.1 - Utiliza os recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en diferentes situacións motrices.	Utiliza recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en diferentes situacións motrices.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC CSIEE CAA
EF-B6.1	6º-EFB6.1.2 - Realiza combinacións de habilidades motrices básicas axustándose a un obxectivo e a uns parámetros espazo-temporais.	Realiza combinacións de habilidades motrices básicas axustándose a un obxectivo e a uns parámetros espazo-temporais na práctica de xogos e actividades axeitadas á súa idade.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións motrices.	CAA CSIEE CSC
EF-B6.2	6º-EFB6.2.1 - Expón as diferenzas, características e/ou relacións entre xogos populares, deportes colectivos, deportes individuais e actividades natureza.	Expón algunha das diferenzas, características e/ou relacións entre xogos populares, deportes colectivos, deportes individuais e actividades natureza.	X		X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	CCL CCEE CAA CSC
EF-B6.2	6º-EFB6.2.2 - Recoñece a riqueza cultural, a historia e a orixe dos xogos e os deportes tradicionais de Galicia.	Recoñece e valora os xogos e os deportes tradicionais de Galicia como parte da riqueza cultural, e da historia de Galicia	X		X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Textos escritos.	CCEC CAA CSC
EF-B6.2	6º-EFB6.2.3 - Realiza e pon en valor distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia respectando os principios e regras específicas destes.	Participa con certa destreza nos xogos populares organizados nas sesións de EF, realizando con destreza o peón, as trécolas e o aro, e propón e realiza outros propios da comarca, así como algún dos deportes tradicionais de Galicia	X		X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións motrices.	CCEC CAA CSC
EF-B6.3	6º-EFB6.3.1 - Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nos exercicios.	Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nos exercicios	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	CMCT CSC CAA
EF-B6.3	6º-EFB6.3.2 - Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a	Valora a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.	CMCT CAA

	mellora das habilidades motrices.	mellora das habilidades motrices.				INSTRUMENTOS: Posta en común.	CSC
EF-B6.3	6º-EFB6.3.3 - Distingue na práctica de xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición.	Distingue na práctica de xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CMCT CAA CSC
EF-B6.3	6º-EFB6.3.4 - Describe os exercicios realizados, usando os termos e coñecementos que sobre o aparello locomotor se desenvolven na área de Ciencias da natureza.	Relaciona os exercicios motrices que realiza co coñecemento do aparello locomotor traballado na área de Ciencias da natureza	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	CMCT CCL CSC CAA
EF-B6.4	6º-EFB6.4.1 - Faise responsable da eliminación dos residuos que se xeran as actividades no medio natural	Faise responsable da eliminación dos residuos que se xeran nas actividades no medio natural				X PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC CAA
EF-B6.4	6º-EFB6.4.2 - Utiliza os espazos naturais respectando a flora e a fauna do lugar.	Nas actividades no medio natural respecta a flora e fauna e vela por que o fagan os compañeiros, recoñecendo efectos non axeitados das condutas inapropiadas.			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC CAA

4. ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE (UNIDADES DIDÁCTICAS)

ÁREA	BLOQUE	Obx	Contidos	Actividades de aprendizaxe	Temp. Horas
EDUCACIÓN FÍSICA	BLOQUE 2. O CORPO: IMAXE E PERCEPCIÓN	b k m	B2.1. Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a das demais persoas mostrando una actitude crítica cara ao modelo estético-corporal socialmente vixente. B2.2. Seguridade, confianza nun mesmo e nas demais persoas. B2.3. Autonomía persoal: autoestima, expectativas realistas de éxito.	UD1, UD2, UD3, UD4, UD5, UD6, UD7, UD8, UD9, UD10	
EDUCACIÓN FÍSICA	BLOQUE 3. HABILIDADES MOTRICES	b j k	B3.1. Adaptación da execución das habilidades motrices a situacións de práctica de complexidade crecente, con eficiencia, seguridade e creatividade. B3.2. Realización combinada de desprazamentos, saltos, xiros, lanzamentos e recepcións. B3.3. Adaptación das habilidades motrices a contornos de práctica non habituais que favorezan toma de decisións, con seguridade e autonomía: o medio natural. B3.4. Control e dominio motor e corporal desde unha formulación previa á acción. B3.5. Mellora das capacidades físicas básicas de forma xenérica e orientada á execución das habilidades motrices, recoñecendo a influencia da condición física na mellora destas. B3.6. Autonomía e confianza nas propias habilidades motrices en situacións e contornos non habituais. B3.7. Valoración do esforzo e o traballo ben executado desde o punto de vista motor como base para a propia superación. B3.8. Disposición favorable a participar en actividades físicas diversas aceptando as propias posibilidades e limitacións, así como a existencia de diferenzas no nivel de habilidade.	UD1, UD2, UD3, UD4, UD5, UD6, UD7, UD8, UD9, UD10	
EDUCACIÓN FÍSICA	BLOQUE 4. ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO EXPRESIVAS	b d j k m o	B4.1. O corpo e o movemento. Exploración, conciencia e gozo das posibilidades e recursos da linguaxe corporal. B4.2. Recoñecemento e utilización creativa das zonas corporais e compoñentes do movemento expresivo: espazo, tempo e a intensidade. Zonas corporais: de equilibrio (pernas e pés), de forza (centro de gravidade corporal), de autoridade (peito, ombreiros, brazos) e expresiva (rostro, mirada e pescozo). B4.3. Expresión e comunicación de sentimentos e emocións individuais e compartidas a través do corpo, o xesto e o movemento. B4.4. Execución de bailes ou danzas do folclore popular galego valorando a importancia da súa conservación e difusión. Execución de danzas do mundo valorando a diversidade como factor de enriquecemento individual e colectivo. B4.5. Participación na composición e execución de producións grupais a partir de estímulos rítmicos, musicais, poéticos... Elaboración de bailes, coreografías simples ou montaxes expresivas.	UD3	
EDUCACIÓN FÍSICA	BLOQUE 4. ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO EXPRESIVAS	b d j	B4.6. Desenvolvemento das habilidades motrices básicas, xenéricas e específicas e da condición física, participando en actividades artístico expresivas. B4.7. Recoñecer e valorar a posibilidade de cambiar as montaxes ou coreografías de actividades artístico-expresivas (espazos, mate-	UD2, UD3	

ÁREA	BLOQUE	Obx	Contidos	Actividades de aprendizaxe	Temp. Horas
		k	riais, tempos...) para adaptalas ás necesidades do grupo.		
EDUCACIÓN FÍSICA	BLOQUE 5. ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE	a b k	B5.1. Autonomía na hixiene corporal (vestimenta e aseo tras o exercicio) e adquisición de hábitos posturais e alimentarios saudables (incluída a correcta hidratación durante e despois do exercicio). B5.2. Recoñecemento dos beneficios da actividade física na saúde integral da persoa e identificación crítica das prácticas pouco saudables (sedentarismo, abuso do lecer audiovisual, adicción ás novas tecnoloxías, consumo de tabaco ou alcohol...). Valoración do xogo e o deporte como alternativas aos hábitos nocivos para a saúde. B5.3. Adquisición de hábitos de quecemento (global e específico), de dosificación do esforzo e recuperación, necesarios para previr lesións.	UD1, UD2, UD3, UD4, UD5, UD6, UD7, UD8,UD9,UD10	
EDUCACIÓN FÍSICA	BLOQUE 5. ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE	k	B5.4. Mellora da condición física orientada á saúde en función do desenvolvemento psicobiolóxico.	UD1, UD2, UD3, UD4, UD5, UD6, UD7, UD8,UD9,UD10	
EDUCACIÓN FÍSICA	BLOQUE 5. ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE	k	B5.5. Recoñecemento e aplicación das medidas básicas de prevención e seguridade na práctica de actividade física en relación coa execución motriz, ao uso de materiais e espazos. B5.6. Valoración da actividade física como factor esencial no mantemento e mellora da saúde. Aprecio, gusto e interese polo coidado do corpo.	UD1, UD2, UD3, UD4, UD5, UD6, UD7, UD8,UD9,UD10	
EDUCACIÓN FÍSICA	BLOQUE 6. OS XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS	a b k m	B6.1. Uso adecuado das estratexias básicas dos xogos relacionadas coa cooperación, a oposición e a cooperación-oposición. B6.2. Aceptación e respecto cara ás normas, regras e persoas que participan no xogo. Elaboración e cumprimento dun código de xogo limpo.	UD1, UD2, UD4, UD5, UD6, UD7, UD8,UD9,UD10	
EDUCACIÓN FÍSICA	BLOQUE 6. OS XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS	d k m o	B6.3. O xogo e o deporte como fenómenos sociais e culturais. Práctica de xogos e actividades deportivas de diferentes modalidades con dificultade crecente. B6.4. Coñecemento, práctica e valoración dos xogos e deportes tradicionais de Galicia. Coñecemento e práctica de xogos doutras culturas.	UD2, UD3	
EDUCACIÓN FÍSICA	BLOQUE 6. OS XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS	a b k	B6.5. Desenvolvemento das habilidades motrices básicas, xenéricas e específicas e da condición física, participando en xogos deportivos e en predeportes. Recoñecer e valorar a posibilidade de cambiar as regras de xogo (espazos, materiais, tempos...) para adaptalas ás necesidades do grupo. B6.6. Uso adecuado das estratexias básicas dos xogos relacionadas coa cooperación, a oposición e a cooperación-oposición.	UD1, UD2, UD3, UD4, UD5, UD6, UD7, UD8,UD9,UD10	
EDUCACIÓN FÍSICA	BLOQUE 6. OS XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS	k l n	B6.7. Iniciación ao deporte de orientación (colexio, parque, medio natural). Toma de contacto co compás. Participación na organización e desenvolvemento de xogos de orientación. B6.8. Práctica responsable de actividades físicas lúdicas e deportivas nas saídas á contorno natural de Galicia.	UD4	

ÁREA	BLOQUE	Obx	Contidos	Actividades de aprendizaxe	Temp. Horas
		o	B6.9. Coñecemento, goce, coidado e valoración da natureza.		
EDUCACIÓN FÍSICA	BLOQUE1. CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA	a c d k m	B1.1. Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a das demais persoas B1.2..Adopción de actitudes de colaboración, tolerancia, respecto e resolución pacífica dos conflitos na práctica de xogos e outras actividades físicas. B1.3. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias da práctica da actividade física. B1.4. Actitudes de aceptación, respecto e valoración cara a un mesmo, aos compañeiros e compañeiras e ao medio.	UD1, UD2, UD3, UD4, UD5, UD6, UD7, UD8,UD9,UD10	
EDUCACIÓN FÍSICA	BLOQUE1. CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA	i	B1.5. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, relacionada coa área. B1.6 Integración das tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe.	UD1, UD2, UD3, UD4, UD5, UD6, UD7, UD8,UD9,UD10	
EDUCACIÓN FÍSICA	BLOQUE1. CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA	a k l n	B1.7. Implicación activa en actividades motrices diversas, recoñecendo e aceptando as diferenzas individuais no nivel de habilidade. B1.8. Uso correcto de materiais e espazos na práctica da Educación física B1.9. O coidado do corpo e a consolidación de hábitos de hixiene corporal. B1.10. Coñecemento da normativa básica de circulación en rúas e estradas. B1.11. Identificación e respecto, ao realizar saídas fóra do colexio, dos sinais básicos de tráfico que afectan aos peóns e peoas e ás persoas ciclistas.	UD1, UD2, UD3, UD4, UD5, UD6, UD7, UD8,UD9,UD10	

UD	Trimestre	Temp.
UD 0: "Higiene y salud"	Todo el curso	Todo el curso
UD1: "Cuanto mejoramos (Avaliación Inicial)	1º trimestre	Setembro, outubro
UD2: "Hago atletismo"	1º trimestre	Outubro, novembro
UD3: "Juegos y deportes"	1º, 2º trimestre	Novembro, decembro, xaneiro
UD4: "Quiero ir al circo"	2º trimestre	febreiro
UD5: "Que comience el espectáculo"	2º trimestre	marzo
UD6: "Juegos de antes y ahora"	2º, 3º trimestre	Marzo, abril
UD7: "Cuanto hemos mejorado"	3º trimestre	Maio, xuño
UD8: "Nos iniciamos al senderismo"	3º trimestre	Maio, xuño

5 METODOLOXÍA

Salientar que teremos en conta os distintos escenarios posibles no tocante á presencialidade do alumnado nas aulas. Por iso, no presente curso empregaremos a Aula Virtual como repositorio de contidos. Servirá como instrumento para a introdución dos contidos a traballar, tanto na aula como en posibles docencias non presenciais, permitindo ademais a supervisión do traballo e a entrega de tarefas neste segundo escenario. Pasamos así a basear a metodoloxía no método de Aula Invertida, onde o alumnado fai un achegamento aos contidos na casa e despois no centro lévase á práctica e se aclaran dúbidas para afianzar a aprendizaxe.

Creamos na Aula Virtual un tema a xeito de introdución orientado ao reforzo dende a área de Educación Física para a formación do alumnado sobre as medidas de hixiene, distancia social e nocións básicas de saúde e benestar.

A metodoloxía na área de Educación Física ha de ser variada e acorde coa pretensión de cada actividade programada. Os espazos, características do alumnado, materiais serán condicionantes a ter en conta. O uso dos métodos será complementario aínda que estes parezan opostos, dependendo da situación de aprendizaxe.

Compre salientar que o recurso metodolóxico que máis empregaremos neste nivel de EP é o xogo e as súas variedades dado que nos permitirán abordar a maioría dos contidos e facilitar a adquisición das competencias no noso alumnado, pero adaptándoos de xeito que permitan manter a distancia social e eviten o emprego de material compartido. Faremos emprego da distribución nas chamadas “táboas suecas” que nos permitirá manter o distanciamento social ao mesmo tempo que permite a supervisión do traballo de todo o grupo.

O xogo facilitará no alumnado os distintos tipos de pensamento, o traballo en equipo e as estratexias de cooperación e oposición, permitiralles chegar a un mellor coñecemento de si mesmos e a aumentar a súa autoestima e o respecto polos demais.

Métodos:

- Mando directo: indicado para a aprendizaxe dos aspectos técnicos que posibiliten unha melloría a nivel individual
- Asignación de tarefas: para a consolidación das aprendizaxes relacionadas coas tarefas motrices, facilitará a autonomía do noso alumnado.
- Ensinanza por grupos de nivel: De forma ocasional para poder facer reforzos de ser necesarios ou facilitar a ampliación dos que amosen maior destreza coa fin de que non se desanimen.
- Ensinanza recíproca: para afianzar e mellorar nas destrezas, permitíranos que os alumnos e alumnas se sintan protagonistas da súa aprendizaxe e empreguen os distintos tipos de pensamentos.
- Grupos reducidos, con asignación de papeis dentro do grupo que se intercambiarán nas distintas actividades.
- Programas individuais: nos casos nos que sexa necesario poderase optar por elaborar un programa individualizado para algún alumno.
- Descubrimento guiado, para facilitar o emprego dos distintos tipos de pensamento
- Resolución de problemas: de cara á realización de traballos de investigación e emprego das tics
- [Traballo en grupo, mantendo o distanciamento social.](#)
- [Traballo online \(para os casos de illamento ou suspensión da actividade lectiva \(a través da Aula Virtual e a web do centro\).](#)

6 Procedementos de avaliación

Dentro dos procedementos de avaliación temos que facer referencia a que é o que imos avaliar:

- **Avaliación do alumnado:** os procedementos veñen reflectidos no apartado 3. Nos basearemos sobre todo na observación directa do traballo do alumnado, análise da tarefa do alumnado (tarefas motrices, tarefas online, ...), así como na consecución dos mínimos e o seu progreso e mellora persoal. Ademais faremos emprego dos seguintes procedementos:
 - Autoavaliación: coa axuda do mestre, ao remate da sesión buscaremos a reflexión dos alumnos sobre as súas sensacións, dúbidas e progresos.
 - Debate: adaptaremos este procedemento en moitas das sesións para que en grupo ou individualmente valoren as actividades realizadas.
 - [Avaliación de tarefas a través da aula virtual ou e-mail para o traballo non presencial e alumna exenta.](#)
- **Avaliación do mestre e do proceso de ensinanza aprendizaxe:**

- Autoavaliación do proceso por parte do mestre: Revisión diaria dos logros e fracasos da aplicación práctica do programado, aproveitando os comentarios do alumnado no debate ao remate da sesión e da análise da ficha de rexistro de cada sesión. Reflexión ao remate das Unidades Didácticas.

7 Criterios de cualificación

No momento de cualificar aos nosos alumnos teremos en conta a valoración dos estándares de avaliación que serán avaliados en cada unidade didáctica, tendo en conta as rúbricas establecidas para os mesmos.

Sen embargo, compre establecer unha porcentaxe do “peso” de cada un destes estándares que son avaliados para establecer as cualificacións, para que estableceremos tres categorías dos estándares avaliados para o que se establece unha rúbrica do traballo diario de cada sesión, segundo a rúbrica seguinte:

RÚBRICA DA SESIÓN DE EF								
		0	1	2	3	4	5	%
A c t i v i d a d e s - N o r m a s	Atención - escoitar	Habitualmente non amosa interese por atender, distráese e non presta atención nas explicacións nin nas aportacións dos compañeiros e interrompe as mesmas.	Frecuentemente se distrae, non atende ou interrompe as intervencións dos compañeiros ou do mestre	Poucas veces interrompe as explicacións, e respecta as quendas de palabra aínda que tende a distraerse con facilidade.	Presta atención nas explicacións e escoita as aportacións dos compañeiros e procura non interromper.	Atende ás explicacións do mestre e as intervencións dos compañeiros e procura non interromper e respecta as quendas de palabra	Presta atención nas explicacións e nas intervencións dos compañeiros, respecta as quendas e evita comentarios negativos.	5
	Respecto as normas e compañeiros-profesor	Tende a non respectar nin as normas nin ao mestre ou compañeiros	Frecuentemente non respecta as normas ou ao mestre ou compañeiros	As veces incumpre algunha norma ou non respecta a algún compañeiro ou ao mestre.	Normalmente respecta as normas de clase así como aos compañeiros e mestre, aínda que puntualmente ofenda aos compañeiros	Respecta as normas de clase e ao mestre e procura evitar ofensas aos compañeiros	Respecta as normas de clase, aos compañeiros e ao mestre e acostuma a facer notar cando alguén as incumpre	10
E s f	Mellora persoal	Os resultados non reflicten melloría, incluso un empeoramento das marcas	Os resultados reflicten un empeoramento leve nas marcas persoais	Os resultados non reflicten melloría pero aproxímase ás marcas persoais e	Mantén as marcas persoais nos seus resultados amosando interese	Amosa leves melloras nas súas marcas persoais e amosa interese	Acada melloras notables nas súas marcas persoais.	10

o r z o		cas persoais evidente, e tampouco amosa interese por conseguilo		amosa interese				
	Disposición-esfuerzo	Amosa abertamente desinterese polas tarefas plantexadas, e rexeita facelas	Realiza a tarefa pero sen interese nen corrección	Executa a tarefa só cando se sinte observado	Procura realizar as tarefas plantexadas como parte do seu traballo	Amosa certo interese por realizar as tarefas plantexadas e mesmo entende que debe esforzarse por mellorar	Amosa interese por realizar as tarefas plantexadas, esforzándose por realizalas o mellor que pode, e entende a necesidade da práctica para a mellora	10
	Participación (no grupo- na sesión)	Amosa falta de interese en participar nas tarefas individuais ou de grupo, non participa ou rexeita aos compañeiros	Traballa de xeito individualista nas tarefas de grupo ou amosa rexeitamento a algún compañeiro	Tende a rexeitar algún tipo de agrupamentos ou as veces o traballo é individualista	Participa nas actividades individuais e de grupo e normalmente amosa respecto polos compañeiros que lle tocan	Participa nas actividades individuais e de grupo e amosa sempre respecto polos compañeiros que lle tocan	Gusta de traballar tanto en grupo como individualmente, aceptando a calquera no seu equipo e procura que se sintan a gusto	5
E x e c u c i ó n	Execución motriz	Non amosa interese ou realiza mal a tarefa motriz proposta (carreira, salto, lanzamento, recepción, bote,...) moi por baixo da media do grupo.	Amosa dificultade na tarefa motriz proposta, executando cun nivel baixo para a súa idade e respecto do grupo.	Ten dificultade para acadar un nivel de execución da tarefa motriz na media do grupo ou da normal na súa idade, aínda que supera a parte do grupo.	Realiza as tarefas motrices con un nivel axeitado á súa idade e na media do grupo.	Realiza as tarefas motrices propostas cun nivel por riba da media do grupo aínda que sen destacar moito no grupo.	Realiza a tarefa motriz proposta con interese e cun nivel moi alto dentro do grupo e respecto da súa idade	40
	Conceptos	Non amosa interese por adquirir novos coñecementos	Non adquire novos coñecementos	Adquire a idea principal do concepto	Adquire os conceptos traballados	Adquire os conceptos traballados e os expresa coas súas palabras	Adquire os coñecementos traballados, os explica e relaciona coa saúde corporal e mesmo investiga pola súa conta	10
H i x i	Indumentaria axeitada	Nunca	Algunha vez	Regularmente (un pouco máis da metade das sesións)	Entre 4 e 10 sesións no trimestre	Menos de catro sesións no trimestre	Sempre	5
	Toalla ou	Nunca	Algunha vez	Regularmente (un	Entre 4 e 10 se-	Menos de catro se-	Sempre	5

e n e	pano			pouco máis da metade das sesións	sións no trimestre	sións no trimestre		
-------------	------	--	--	----------------------------------	--------------------	--------------------	--	--

Avaliación da actividade en caso de continxencia:

Neste caso avaliarase ao alumnado tendo en conta o traballo proposto a través da aula virtual de xeito grupal ou individualizado. As propostas realizaranse a través de actividades e tarefas na aula virtual que poderán consistir en propostas motrices ou escritas relacionadas co tema que se esta a traballar. Os criterios de cualificación terán en conta os seguintes aspectos:

1. Acceso á aula virtual e entrega en prazo (ata un 10%).
2. A propia tarefa (90%): Respostas acertadas, execución motriz, análise de tarefa escrita,...

Esta cualificación terá o peso correspondente ao número de sesións non presenciais, e será necesario alo menos o acceso a aula virtual e a entrega da tarefa. Manterase contacto coa familia para solventar os problemas de acceso á aula virtual e a resolución de dúbidas, e enviaranse recordatorios por Abalar Móbil no caso de que o alumnado non estea accedendo á aula virtual para o seguimento das clases non presenciais.

8 Directrices e instrumentos para a realización da avaliación inicial

Na área de Educación Física pasaremos unha batería de probas ás que chamaremos probas iniciais ou finais segundo o momento na que se aplican encamiñadas no caso de 1º de EP a ver o punto de partida do noso alumnado, coñecer a dominancia lateral, detectar problemas de coordinación, e aproveitaremos para levar un rexistro de datos antropométricos. Presentaremos estas probas como xogos contextualizandoos en torno a os intereses e gustos do alumnado.

As probas ou test de aptitude son:

Proba de velocidade: Carreira de velocidade corta, distancia 30m e Carreira de velocidade, distancia 50 m para observar a coordinación na carreira e a velocidade
Salto de lonxitude (detente horizontal): para ver o punto de partida na técnica de salto (impulso en ámbalas pernas) e verificar a capacidade de salto en detente e a potencia de salto.

Proba de axilidade, 9X4, onde se debe pisar en dous círculos, distantes 9 metros.

Lanzamentos co pé a unha portería pequena (vaia de salto de atletismo) dende unha distancia de 5 m (2 tiros de proba e 10 intentos puntuables), onde observaremos a dominancia lateral e a coordinación óculo – pé así como a desteza no lanzamento.

Lanzamentos a dúas mans dunha pelota contra a parede dende unha distancia de 2 m (2 tiros de proba e 10 intentos puntuables), sendo a recepción a dúas mans. Observaremos a coordinación óculo-man, destreza para lanzar e recibir.

Xiro: Salto e xiro, partindo da posición de pés xuntos, con caída mantendo o equilibrio.

Flexibilidade: empurrar con cada man un taco nun banco graduado en cm.

Toma e rexistro de datos antropométricos

9 Medidas de atención a diversidade

Este grupo escolariza un alumno con NEAE (Down) con problemas de mobilidade e equilibrio, contando ademais cunha ACI dentro da área de EF. As actividades que realiza serán na medida do posible parecidas ao resto do grupo, traballando ben con persoal de apoio ou coa colaboración dos compañeiros ou a axuda directa do mestre. As cualificacións partirán de verificar o nivel de logro dos estándares contemplados na ACI. Teremos en conta tamén ao alumnado con Asma, dando pautas de traballo no tocante ao control do esforzo na actividade e o autocontrol da respiración, modificando as actividades ás circunstancias concretas en cada sesión.

Tamén escolariza unha alumna con secuelas dun accidente e que ten contraindicados moitas actividades físico-motrices das programadas. Neste caso realizará actividades a través da Aula Virtual. Ademais levará unha ficha personalizada para o seguimento das tarefas que se realizan en cada sesión, realizará actividades personalizadas e adaptadas substituíndo tarefas motrices contraindicadas por outras que poida realizar ao mesmo tempo que o resto do grupo. Neste caso a avaliación terá en conta o traballo en aula ordinaria e o traballo na aula virtual.

10 Accións de educación en valores e de contribución ao plan de convivencia

As situacións de aprendizaxe propias das sesións de Educación Física contribúen positivamente á educación en valores e ao plan de convivencia dado que posibilitan situacións de interacción entre o alumnado e o traballo da resolución de conflitos.

11 Accións de contribución ao Plan TIC do centro

Neste curso faremos uso ocasional da aula de informática, pero sen embargo empregaremos a Web do centro e a Aula virtual do centro como fonte de recursos para propostas de actividades de ampliación e reforzo e mesmo como plataforma para expor os seus traballos de investigación propostos desde a área de EF.

12 Accións de contribución ao Proxecto Lector e Proxecto Lingüístico do centro

Moitos dos xogos e actividades partiran da narrativa a través de contos populares e historias inventadas. Tanto se farán propostas de achega de información sobre xogos da cultura popular da zona como se porá na Aula virtual recursos para fomentar a lectura.

13 Actividades de reforzo/ recuperación

Non se contemplan actividades de reforzo e recuperación en 6º. Partiremos do nivel inicial do alumnado e fixarémonos sobre todo na actitude e no progreso individual (mellora). Sin embargo, si se terá contacto coas familias para orientalas no tocante á participación nas actividades extraescolares de carácter motriz.

14 Materiais didácticos incluídos os libros de texto

O material didáctico que empregaremos é o propio da área, sendo parte destes os espazos (pista, patio, ximnasio, polideportivo municipal, aula, aula de tics, biblioteca) así como os considerados materiais propios da área (balóns e pelotas, aros, picas, cordas, bancos, espaldeiras, "pasillos" de equilibrio, materiais de iniciación

predeportiva) ou outros máis novidosos como os materiais para os xogos e deportes alternativos, xogos e deportes populares e tradicionais, xoguetes feitos con material de refugallo, etc.

Empregaremos tamén os recursos informáticos (equipos) e recursos na rede (páxina web do colexio: <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipcarnota/>, Aula Virtual e o blog do mestre: <http://pasodebolaegua.wordpress.com/>, así como todos aqueles que sirvan ao alumnado en cada un dos bloques).

Dentro dos libros que nos servirán material didáctico destacar o libro sobre xogos populares e tradicionais de Galicia “Chirlosmirlos” de Antón Cortizas que exerceu como mestre no noso centro, onde recolleu parte do material para a elaboración do libro.

Ademais empregaremos equipos de música, cds con música, o libro cd “Pedeslán”, recurso da nosa biblioteca do centro e os DVDs sobre danzas do mundo elaborados entre outros por D Jesús Sánchez.

15 Actividades complementarias e extraescolares

As actividades complementarias e extraescolares do centro teñen carácter grupal, sendo a totalidade do alumnado o que participa nelas. Dende a área traballaremos aqueles aspectos motrices que formen parte das actividades complementarias e extraescolares (ensaio de coreografías, danzas, ritmos, ...)

16 Procedemento e sistemática de control, seguimento e avaliación do grao de consecución das competencias básicas e obxectivos da etapa, por parte do alumnado

Para o seguimento e avaliación do grao de consecución das competencias básicas e obxectivos da etapa por parte do alumnado, dentro da área de Educación Física partiremos da revisión dos instrumentos de avaliación (anecdotario, rexistro da sesión, e da folla de control de superación de estándares de avaliación onde reflectiremos por cada alumno o grao de valoración da consecución dos estándares traballados por trimestre)

- Anecdotario: o mestre tomará nota de todos aqueles aspectos destacables do traballo do alumno que non son obxecto de seguimento específico na sesión.
- Ficha de seguimento da sesión: Nunha cuadrícula coa relación de alumnos, e onde se reflecte o deseño da sesión, anotaranse os aspectos que se pretenden que sexan obxecto de observación ese día (dominio de tarefas motrices, conduta, esforzo, hábitos de hixiene,...)
- Táboa de control de superación de estándares de avaliación: nela reflectirase nunha táboa onde figure o alumnado e os estándares a traballar nese trimestre, e se valorará o grao de superación dos estándares de 1 a 4, a partir dos instrumentos anteriores e da valoración de tarefas e traballo do noso alumnado.

En canto aos obxectivos de etapa, consideramos que aqueles alumnos e alumnas que obteñan unha puntuación media na táboa anterior acada os obxectivos asociados a cada estándar.

[Rexistro de entrega da tarefa atendendo ao cumprimento dos prazos na aula virtual ou a través do e-mail de ser o caso \(docencia non presencial\).](#)

17 Procedemento e indicadores para avaliación a propia programación /práctica docente

Neste apartado, unha vez rematado o trimestre e feita a avaliación do alumnado, faremos unha valoración da nosa propia tarefa docente a partir da seguinte táboa de verificación

ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA	CURSO: 2020-2021	NIVEL: 6º DE EP		
--------------------------	------------------	-----------------	--	--

INDICADOR	NIVEL 1	NIVEL 2	NIVEL 3	NIVEL 4
As actividades propostas son axeitadas para os obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares previstos na programación	Axústanse moi pouco a	O nivel de axuste e regular e mellorable	Axústanse bastante	Son os axeitados e idóneos
A temporalización das unidades didácticas e distribución ao longo do curso	É moi desacertada	É regular e mellorable	Está bastante axustada	É a idónea
As tarefas, actividades e xogos respecto dos contidos e estándares de avaliación	Non son axeitados	A súa adecuación é regular e moi mellorable	Axústanse bastante	Están perfectamente escollidos e relacionados
Adecuación e idoneidade das sesións e proposta de actividades	Non resultan atractivas para o alumnado nen motivadoras	Son aceptadas pero poden mellorar	Teñen boa acollida polo alumnado	Son moi motivadoras e do gusto do alumnado.
As medidas de atención á diversidade	Non serven	Son aceptables pero mello-rables	Funcionan na meirande das situacións	Son axeitadas e perfectas para os distintos casos e situacións
A metodoloxía e recursos metodolóxicos	Son pouco axeitados	Serven pero son moi mello-rables	En términos xerais son funcionais	Son axeitados e os máis indicados para cada momento.
Os instrumentos de avaliación	Son pouco axeitados	A súa adecuación é regular e moi mellorable	Na maioría dos casos son efectivos	Son axeitados e os máis indicados para a avaliación en cada momento
Os materiais e recursos	Son pouco axeitados	A súa adecuación é regular e moi mellorable	Son bastante axeitados	Son axeitados e os máis indicados para as actividades programadas.

PLAN DE RECUPERACIÓN E REFORZO:

Non se estima necesario elaborar un plan dados os resultados positivos do curso pasado. De tódolos xeitos, a programación do presente curso varía significativamente ao introducir como novidade a creación do curso de EF na Aula Virtual para o alumnado de 6º de EP, que servirá para favorecer o acercamento aos contidos dende a aula e dende os fogares, permitindo un traballo máis práctico dos contidos o que reforzará os contidos do curso pasado.

Coma xe sinalou, partírase da avaliación inicial. Reforzarase presencialmente e mesmo individualizando tarefas na Aula Virtual.

Sen embargo, compre salientar que no presente curso, e como adaptación á nova situación, moitas das actividades que en cursos pasados se planificaban a través do traballo en grupo e baseado na interacción entre iguais, están agora moi limitadas atendendo ás premisas establecidas no protocolo COVID. Ditos aspectos pasan agora a ser abordados no remate da sesión na parte do Aseo e Comentario a modo de posta en común co alumnado. Estes aspectos serán ampliados na medida que se detecten necesidades a través da proposta de tarefas a través dos cursos da Aula Virtual ou a través da modificación da programación de aula tras a autoavaliación da sesión de EF no día a día.